

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CEIP CURTIS

2020- 2021

1.- CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, está a de que o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

2.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Debido á nova realidade que estamos vivindo por mor da COVID 19, a equipa directiva considera necesario una modificación dalgunhas normas de organización e funcionamento do centro, para tratar de prevenir posibles contaxios. O contido deste documento é flexible e está sempre supeditado a posibles cambios se as condicións sanitarias que estamos vivindo melloran ou ben se se observase que non son as máis axeitadas para a situación na que nos atopamos.

2.1.- ENTRADAS:

2.1.1.- Infantil:

O alumnado de 5º e 6º de infantil, entrará polo portal que o viña facendo habitualmente. Virán acompañados dun adulto. Este virá provisto de máscara e é aconsellable que o alumnado tamén traía máscara. Gardarán a distancia de seguridade e acudirán ao control para hixienizar as mans Un profesor de garda, estará no posto de control 10 minutos antes da hora de entrada que irá hixienizando as mans con xel hidroalcohólico, e aportando panos desbotables para secarse.

Outro profesor ocuparase de que vaian entrando ás clases, onde teñen un lugar fixo para sentarse. Os proxenitores destes alumnos non pasarán a aula, agás por alguna causa excepcional e se o considera adecuado o profesor de garda. Nese fará hixiene de mans. O alumnado de 4º de infantil, pasará acompañado cada un por 1 adulto, ata que o profesor titor considere que poden entrar sós. Nese momento seguirase o mesmo procedemento que co resto de niveis de infantil. Entrarán polo portal de infantil e os adultos levarán máscara e farán hixiene de mans tanto adultos como alumnos con xel hidroalcohólico. É aconsellable que o alumnado traía máscara. Estas normas veranse alteradas, durante o período de adaptación, no que se seguirán as indicacións da titora. Os alumnos de transporte escolar de infantil serán levados no autobús ata o portalón de infantil, una vez que deixe ao alumnado de primaria. Alí serán recollidos polo profesor de garda, que dará prioridade a este alumnado para hixienizar mans e entrar para a clase. Cinco minutos despois da hora de entrada cerrarase o portalón de infantil e se algún alumno chegase despois, deberá pasar por dirección tras haber feito hixiene de mans antes de entrar.

2.1.2.- Primaria.

Nas entradas e saídas, gardarase a distancia de seguridade (mínimo 1,5 m.).

O centro conta con tres portalóns de entrada, polo tanto distribuirase o alumnado para que poda entrar segundo o nivel e etapa educativa no que se atope, sin que se produzan aglomeracións.

Así o alumnado de infantil, entrará polo portal máis preto a estas aulas e que xa viña sendo habitual que entrarán por alí.

1º e 2º, 5º e 6º de primaria entrará pola cancela da entrada principal.

1º e 2º dirixirase arrimados a parede da biblioteca e pasará o control ali situado onde se lles hixienizarán as mans con xel hidroalcohólico. Cando rematen de pasar estes alumnos, por este mesmo lugar entrarán os de concilia.

5º e 6º entraran seguindo as marcas de distancia de seguridade cara á dereita e hixienizarán as mans no control situado na cima da rampa.

3º e 4º entrarán polo portal onde entran as mercancías e dirixiranse pegados a aula de música cara o control que está na cima da rampa.

Os alumnos de transporte, tamén entrarán por aquí e pasarán por este control.
OS ACOMPAÑANTES DO ALUMNADO NON PODERÁN PASAR AO RECINTO ESCOLAR.

O alumnado comezará a pasar 10 minutos antes da hora de entrada e continuara aberto 5 minutos despois. Pasados estes 5 minutos, o alumno/a deberá pasar por dirección para informar do sucedido e botará xel hidroalcohólico, antes de poder ir á clase. Os proxenitores non poderán pasar do portal de entrada, agás en infantil.

Nos corredores haberá sinalización de xeito que os cursos máis baixos de cada ciclo, vaian pegados á esquerda e os mais altos, pegados á dereita, sempre gardando a distancia de seguridade..

O autobús escolar baixará os nenos de infantil ata o portalón (de infantil), tras haber deixado os de primaria, onde serán recibidos polo profesor de garda, que lles hixienizará as mans igual que ao resto do profesorado

2.1.3.- Madrugadores:

Tomaranse as medidas de prevención necesarias e oportunas, así como as medidas de protección en coordinación co concello. O alumnado de primaria fará unha fila no patio pegados á parede da biblioteca, gardando sempre as medidas de seguridade e accederán os últimos as aulas, cando os profesores de garda remataran co resto do alumnado no que se refire a hixiene de mans. Estarán custodiadas polas persoas que traballan en madrugadores.

Os alumnos e alumnas de infantil, serán levados ás clases polas traballadoras de madrugadores. Antes de entrar o profesor de garda faralles hixiene de mans.

2.2.- SAÍDAS

2.2.1.- Infantil:

O alumnado de infantil, que non ,e usuario de comedor sairá á hora prevista, acompañado polo seu profesor ata o portalón de entrada de infantil..

Os proxenitores esperarán na beirarrúa, agás os de 4º de infantil que poderán pasar a recollelos ata a entrada da aula.

O alumnado de infantil usuario de comedor sairá á hora prevista (16:00h en setembro e xuño ou 15:00h o resto do curso) polo portal da entrada principal de primaria. Os proxenitores non accederán ao patio, esperarán na beirarrúa.

2.2.2.-Primaria:

O alumnado non usuario de comedor, sairá á hora prevista, supervisado polo profesor que lles imparta a última hora de clase.

Os alumnos e alumnas usuarios de comedor sairán colocados por cursos e por número de bus, Serán conducidos polos profesores de garda ata o portal de entrada, onde serán recibidos polas coidadoras do autobús, e seguidamente entrarán no autobús para sentarse cada un no asento que ten asignado para todo o curso.

2.2.3.- Saída alumnado de concilia:

O alumnado usuario de concilia, será o primeiro en saír do comedor, acompañado por 1 traballador deste servizo e sempre provisto de máscara e gardando a distancia de seguridade.

2.3.- COMEDOR:

O comedor utilizarase nunha soa quenda.

O alumnado está distribuído por grupos estables de convivencia, separados 1.,5m.

Cada grupo de convivencia está colocado en "V" de xeito que ningún comensal está encarado con outro.

Cada alumno/a ten asignado un lugar fixo para todo o curso.

Acudirán ao comedor, en primaria, con máscara e sairán tamén con máscara.

O alumnado de infantil acudirá ao comedor 15 ou 20 minutos antes da hora de saída.

Serán acompañados polo profesor de garda e polas nais colaboradoras do comedor.

O alumnado non usuario de comedor, seguirá na aula ata a hora de saída co seu profesor.

É recomendable que o alumnado de infantil, tamén veña provisto de máscara.

A máscara só poderá quitarse para comer.

2.4.- TRANSPORTE ESCOLAR:

Os autobuses de transporte escolar esperarán no lugar axeitado fóra do recinto escolar. Sairán despois do comedor polos lugares establecidos ao efecto, e por aulas (grupos estables de convivencia).

No autobús deberán sentarse sempre no mesmo asento, que lles asigne a coidadora do autobús a principio de curso e deberán levar máscara en primaria e tamén é aconsellable que a leven en infantil.

Á entrada, o autobús deberá levar ao alumnado de infantil ata o seu portal de entrada, onde será recibido polo profesorado de garda para realizarlle hixiene de mans.

2.5.- REALIZACIÓN DE EVENTOS:

Os eventos realizaranse, preferentemente con grupos estables de convivencia e seguiranse as normas de protección en canto a máscaras, xel hidroalcohólico, distancia de seguridade etc...

Non haberá actividades de gran grupo, nin celebracións de todo o centro, mentres as condicións sanitarias non o recomenden. Tampouco haberá saídas co alumnado como medida de prevención sociosanitaria.

2.6.- TITORIAS:

Realizaranse preferentemente por vía telefónica ou telemática. Só se poderá acudir ao centro con cita previa, salvo casos excepcionais.

2.7.- RECREOS:

Nos recreos de infantil, procurarase que cada clase forme grupo estable co seu alumnado. estableceranse lugares de recreo diferentes para cada grupo de clase .A merenda deberá realizarse na aula, para así ter menos risco de contaxio. É recomendable o uso de máscara en infantil.

En primaria as saídas ao recreo serán de xeito escalonado, con 5 minutos de diferenza entre cada ciclo, tanto nas saídas ao recreo como nas entradas de este ás clases.

Cada curso terá un lugar asignado no patio. Se as condicións metereolóxicas o impiden, estableceranse unhas quendas diferentes nos espazos cubertos do centro. Utilizarase entón para o recreo a hora de ler, de xeito que dentro de cada ciclo cando suba un nivel, baixe o seguinte.

A merenda realizarse na aula, para evitar riscos de contaxio.

O alumnado de primaria, sairá ao recreo con máscara

2.8.- BIBLIOTECA:

Cada semana deberá realizar cada titor o empréstimo de libros.

Os libros devoltos, permanecerán nos lugares axeitados ao efecto, alomenos 24 horas sen colocar para evitar posibles contaxios.

Non se poderá usar a biblioteca nos recreos para evitar que se toquen os libros sen control.

Non haberá club de lectura como viña sendo habitual, aínda que poderá realizarse dixital.

O alumnado que quede a biblioteca despois da saída permanecerá no lugar que lle asigne o profesor de garda, sempre con máscara.

Non se permitirá o uso da biblioteca, despois da saída ao alumnado de infantil , como medida para evitar posibles contaxios, xa que este alumnado non leva máscara.

Non se poderán utilizar ordenadores, nin coller libros. Se nalgún caso excepcional se tocasse algún libro, deberá colocarse no lugar asignado para libros devoltos, sen poder colocalo onde corresponda ata pasadas alomenos 24 horas.

Os proxenitores deberán ser puntuais na hora que indiquen que veñen a recoller aos alumnos , xa que non deberán entrar no centro nin pasar á biblioteca. Chamarán a porta exterior da biblioteca e acudirán sempre provistos de máscara.

2.9.- EDUCACIÓN FÍSICA:

A área de educación física terá unha parte teórica e a maior parte será práctica. Se as institucións municipais nos deixan o pavillón debido as circunstancias sanitarias actuais, as clases serán sempre a 3º e a 5º hora, de xeito que sexa posible a desinfección tanto do pavillón como do material despois de cada clase e antes do comezo da seguinte.

Se non fose posible realizaranse no patio cuberto ou no túnel, ou na clase sempre procurando realizar exercicios individuais e con pouca utilización de material e o que se use será desinfectado despois de cada clase.

Para evitar posibles contaxios este curso non haberá aseo nin cambio de roupa, despois de realizar exercicio.

Se a profesora de educación física o estima conveniente será acompañado polo profesor de garda , nos desprazamentos para asegurarse de que o alumnado garda as medidas de seguridade e leva posta a máscara. Mentres a situación sanitaria non mellore, realizarase a educación física, provisto de máscara.

2.10.- CAMBIOS DE AULA:

Realizaranse o menor cambio de aula posible, de xeito que sexan os especialistas os que se despracen e non o alumnado.

Cando sexa estritamente necesario que haxa este cambio de aula o alumnado irá acompañado do profesor e levará máscara.

Sempre se realizará hixiene de mans cando saian para outra aula e antes de volver a sentarse no seu lugar na súa aula correspondente.

2.11.- USO DE MÁSCARA:

Todo o persoal docente e non docente levará sempre máscara mentres permaneza no recinto escolar.O alumnado de primaria tamén deberá levar máscara en todo momento. En educación infantil, é recomendable levar máscara.

O NON CUMPRIMENTO DAS NORMAS DO PROTOCOLO COVID 19, CONSIDERARASE UNHA FALTA LEVE QUE PODE OCASIONAR PROBLEMAS A MÁIS DUN MEMBRO DA COMUNIDADE EDUCATIVA, XA QUE COIDÁNDONOS NÓS, COIDÁMONOS TODOS, E SERÁ MOTIVO DAS SANCIÓN S QUE SE ESTIMEN CONVENIENTES, SEGUNDO O PLAN DE CONVIVENCIA.

2.12.- ATENCIÓN EQUIPA DIRECTIVA.

A equipa directiva, atenderá única e exclusivamente no horario establecido e sempre previa cita. Darase prioridade á atención telefónica ou telemática.

2.13.- ORIENTACIÓN:

A atención será preferentemente vía telefónica ou telemática.

3.- ACTUACIÓ NS DE PREVENCIÓ N, HIXIENE E PROTECCIÓ N:

Corresponde a empresa de limpeza do centro, desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire, seguindo as normas do Plan de Adaptación COVID.

- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021

-Determinación do espazo de illamento COVID: aula situada ao lado da biblioteca. Alí contarase con panos desbotables, máscaras, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal...

-Medidas xerais de protección individual: As que aparecen recollidas no Plan de Adaptación COVID.

-Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de Protección tal como aparecen recollidas no Plan de Adaptación.

- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adaptación Covid 19 .Será necesario ventilar abrindo as ventás sempre que sexa posible, e sempre cando haxa cambios de clase.
- Nos portalóns de entrada, tomarase sempre a temperatura e desinfectarase as mans con xel hidroalcohólico.
- Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión dunha mestra.
- O profesorado que vaia a cada aula a primeira hora da mañá , abrirá as fiestras e ventilará a aula antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.
- Uso de máscara permanentemente para alumnado maior de 6 anos e persoal docente, non docente e visitantes.
- Os provedores do comedor entrarán polo portalón grande e levarán as mercancías pola porta situada no exterior pola parte de atrás da cociña.
- O persoal de cociña, entrará por esta porta traseira, para evitar o contacto co resto do persoal.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Durante os primeiros días de curso, priorizarase o traballo sobre hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Alumnado e familias terán en conta a importancia de obedecer e permanecer cada alumno/a no seu lugar de traballo, para facilitar as tarefas de prevención, desinfección e limpeza.

4.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO, NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTONA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO NON PRESENCIAL.

-O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

-Sería conveniente continuar con formación PFPP, relacionado coa aula virtual.

-Durante o mes de setembro e ao longo do 1º trimestre, trataremos de formar ao alumnado de 3º a 6º de primaria, para que podan empregar e interactuar a través da aula virtual.

5.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS OU SOCIAIS

O obxecto do CEIP Curtis, segue a ser desenvolver una aprendizaxe favorecedora da educación integral de PERSOAS, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe manipulativa, construtiva, cooperativa e humanística.

Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa,

o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións poderá traballar por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

Trataremos de diminuír as diferenzas sociais que se poidan detectar como consecuencia da nova realidade da situación COVID; procurando que todo o alumnado teña o que necesite sobre todo no caso de que a educación sexa non presencial ou semipresencial.

Nas dúas primeiras semanas de volta á clase, se é posible, a orientadora do centro, impartirá alomenos 1 sesión a cada nivel educativo tanto de infantil como de primaria para mellorar e favorecer o nivel emocional do alumnado.